

{youtube width="200" height="160"}yuEXH76Agv0{/youtube}

O Instituto de Estudos Miñoranos xunto con outra moitas Asociacións para a Recuperación da Memoria Histórica e as demais entidades adheridas á [Iniciativa Galega pola Memoria](#) (IGM) participou no 18 de xullo na Illa de San Simón nunha homenaxe nacional ás vítimas do franquismo, seguindo a xeira comezada no 2006 -o ano da memoria- dedicado especialmente nesta ocasión a lembrar as familias dos represaliados que tiveron e teñen que sufrir as consecuencias do acontecido ao seu parente. Consecuencias polas que aínda hoxe non foron resarcidos.

O levantamento fascista escolleu precisamente a data 18 de xullo, como fundacional dunha orde antidemocrática e xerárquica, que aínda na actualidade non foi debidamente desmontada, tal como acredita a simboloxía que segue a presidir espazos públicos, a pesares de que a chamada lei da memoria impón eliminar. Para o movemento memorialista o 18 de xullo de 1936 comezou unha infamia que debe ser recordada, facendo aboiar a verdade silenciada e restaurando a honra calumniada dos demócratas perseguidos. Por isto se escolle a Illa de San Simón, un dos moitos lugares da memoria que lamentablemente ten o noso país, mais que pola concentración no tempo e no espazo que se produciu aquí nos momentos álxidos da represión, e polos acontecementos de illamento, arbitrariedade e brutalidade que aquí tiveron lugar, simboliza a realidade vivida en toda Galicia. Por iso as asociacións de recuperación da memoria histórica insistimos en manter viva a chama da memoria nesta illa.

Participaron 300 persoas, as que collían nas dúas viaxes do barco, membros das diferentes asociacións adheridas á IGM, e que embarcaron dende o porto de Cesantes a partir das 9:30 da mañá. Ás once da mañá comezaron os actos, despois do saúdo de benvida do Xerente da Fundación Illa de San Simón e da presentación do acto por parte da xornalista **Comba**

Campoy

, coa

intervención en representación das familias dos represaliados de

Antonio Monroy Álvarez

, fillo de

Adolfo Monroy Figueroa

, dirixente do sindicato de industrias pesqueiras da CNT, asasinado ás portas do cemiterio municipal de Mos, na madrugada do 10 de novembro do 1936. Antonio é o oitavo dos nove fillos e fillas do matrimonio formado por

Adolfo Monroy

e

Josefa Álvarez

, e daquela aínda non contaba catro anos de vida. Aínda que neno foi testemuña do sufrimento da súa nai, e, criándose nun ambiente de incompreensión e pobreza.

En representación dos presos da Illa de San Simón falou **Heriberto Rodríguez Bermejo**, nacido en Guimarei-A Estrada, en 1913. Despois do golpe de estado de 1936 aprésano na Estrada e reclúeno nos cárceres do Lazareto de San Simón, Santiago e Pontevedra, pasa despois a batallóns de Traballadores en Canarias e Marrocos. Ao saír da cadea pasa un tempo na Estrada e logo, pola presión á que era sometido polos falanxistas locais emigra a Arxentina, de onde regresa anos despois, para establecer o seu domicilio de novo na vila pontevedresa.

Imaxes da Homenaxe Nacional ás vítimas do franquismo

Escrito por

Martes, 07 Setembro 2010 21:08

Continuou ao acto cun recital poético a cargo de **Carmen Blanco** (neta de avós represaliados, un deles preso nun barco que puido ser o Upo Mendi en San Simón, autora de libros sobre a memoria como *Vermella con*

Lobos e Atracción Total

e de

Claudio Rodríguez Fer

(Fillo de represaliado, autor de libros sobre a memoria como

A loita continúa

e

Ámote Vermella

).

Avanzou o acto coa intervención musical de [A Quenlla](#) . Grupo implicado co movemento memorialista co que colabora continuamente e membro adherido á IGM.

A continuación **Xosé Lois Santos Cabana**, da Asociación para a recuperación da Memoria Histórica e defensa do Patrimonio Inmaterial A Oliveira, deu lectura á declaración de principios acordada polas entidades adheridas a IGM.

Rematou o acto cunha ofrenda floral no Cemiterio da Illa, na Illa de San Antón despois de facer un percorrido polo illa guiados por **Heriberto Rodríguez** e **Matías Da Torre** e tras a lectura por parte de **Manuel**

Monge

, presidente da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica da Coruña da táboa reivindicativa da IGM

Imaxes da Homenaxe Nacional ás vítimas do franquismo

Escrito por

Martes, 07 Setembro 2010 21:08



[18.07.10 Illa de San Simón día da Memoria](#)